

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CONXUNTA REALIZADA POLAS COMISIÓNS INFORMATIVAS
PERMANENTES EN DATA 23 DE NOVEMBRO DE 2023**

**COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, DESENVOLVEMENTO ASOCIATIVO, ECONOMÍA,
FACENDA E RÉXIME INTERIOR**

ROGOS E PREGUNTAS

Preguntas do PP presentadas por escrito

“1.- Hai conserxes suficientes para atender todas as actividades do Concello?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Pan Lesta quen, unha vez concedido, manifesta que a semana pasada comezaron dúas conserxes novas e se están a reorganizar as quendas e agarda que se poidan atender todas as actividades.

“2.- Cando van a presentar o orzamento do exercicio 2024?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Pan Lesta quen, unha vez concedido, manifesta que se está a rematar a elaboración do orzamento; que se ten que informar antes de presentar nas comisións informativas e que cando estea o expediente completo se presentará aos partidos a información correspondente.

“3.- Cando van a presentar a RPT do Concello?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Pan Lesta quen, unha vez concedido, manifesta que se presentará canto estea completo o expediente.

**COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, OBRAS, SERVIZOS, MEDIO AMBIENTE, MOBILIDADE,
SANIDADE, SEGURIDADE CIDADÁ, TURISMO, PATRIMONIO, TRANSFORMACIÓN DIXITAL E
INNOVACIÓN TECNOLÓXICA**

ROGOS E PREGUNTAS

Preguntas do PP presentadas por escrito

“2ª.- En que se vai a destinar o aforro da obra do parque Ramón Barba por valor de 6.000 euros en materiais, grazas á reutilización dos entullos da antiga piscina?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. González Leirós quen, unha vez concedido, manifesta que realmente non hai ese aforro; que imaxina que o leu na noticia da prensa; que non hai o aforro dos 6.000 euros; a política de reutilización non se impón dende a obra, que se propón no proxecto.

“3ª.- Van a tomar medidas para evitar inundacións durante este inverno na finca situada no lugar de Apeadeiro de Cecebre con referencia catastral 6333904NH5963S0001JL, situada fronte ao local social ao lado da carnicería La Despensa?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. González Leirós quen, unha vez concedido, manifesta que si; que teñen xa localizadas as arquetas e que antes de que comezen as chuvias limpanse.

“4ª.- Cando van a repoñer o tobogán do parque infantil de Altamira?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. González Leirós quen, unha vez concedido, manifesta que agora mesmo o descoñece e di que cando o saiba llo dirá.

“5ª.- En que van a consistir as melloras sobre a iluminación de nadal deste ano?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. González Leirós quen, unha vez concedido, manifesta que o prego de condicións é practicamente o mesmo do ano pasado.

“6ª.- Cal vai a ser a distribución de iluminación e adornos do nadal por parroquias?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. González Leirós quen, unha vez concedido, manifesta que serán os mesmos sitios que se habilitan todos os anos.

**COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, DESENVOLVEMENTO LOCAL, DEPORTES,
XUVENTUDE, EDUCACIÓN E CULTURA**

ROGOS E PREGUNTAS

Preguntas do PP presentadas por escrito

“1ª.- Todos os comercios cobraron o Rasca e gaña da campaña do nadal do 2022?”.

O Sr. presidente manifesta que si cobraron todos, agás dous comercios que participaron pero que non presentaron facturas; que se lles requiriu para a presentación de facturas e que non presentaron nada.

“2ª.- Cantas cabalgatas van a facer este ano?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. López Saborido quen, unha vez concedido, di que se non hai inconveniente ou situación sobrevida haberá unha cabalgata con dúas recepcións reais.

“3ª.- Como van os preparativos da xuntanza do maior que anunciaron na prensa que se celebra en xaneiro?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Prieto Lamas quen, unha vez concedido, di que o expediente está en licitación ata do día 29 de novembro de 2023 e a partir desta data continuará o procedemento.

“4ª.- Canto tempo tardan en contestar ás peticións de adxudicacións de pabillóns que solicitan os clubs deportivos?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Rodríguez López quen, unha vez concedido, di que todas as peticións se contestan á maior brevidade posible e sempre dentro do prazo legalmente establecido.

Preguntas do Bloque Nacionalista Galego presentadas oralmente

- respecto do expediente da xuntanza do maior ve que segue habendo un informe desfavorable e entende que non se rectificaron as deficiencias que había xa inicialmente, cal é o motivo?.

O Sr. presidente manifesta que se lle contestará por escrito.

- de novo hai anunciado un concerto de Sementeira no Concello de Culleredo, pregunta se non hai onde celebralo en Cambre. Manifesta que hai o local da Xuventude de Cecebre, cun aforo moi interesante e tamén a igrexa, un lugar idóneo para concertos e pregunta se isto se vai manter no tempo sen estas alternativas que hai para levalos a cabo.

O Sr. presidente manifesta que se lle contestará por escrito.